



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</b>	<b>Comprende e localiza informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas ou mensaxes curtas, folletos, descricións , instrucións e explicacións.</b>
<b>Interpretar e comprender , de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</b>	<b>Interpreta frases feitas e expresións con axuda de ilustracións.</b>
<b>Ler textos adecuados aos seus intereses.</b>	<b>Le textos sinxelos coa velocidade adecuada.</b>
<b>Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</b>	<b>Produce e reescribe textos con coherencia xeral e de xeito creativo, aplicando, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</b>
<b>Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</b>	<b>Ilustra os seus textos de xeito creativo e con imaxes relacionadas co contido.</b>
<b>Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</b>	<b>Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas:disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.</b>
<b>Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</b>	<b>Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</b>
<b>Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.</b>	<b>Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</b>
<b>Le, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividades e á autonomía lectoras.</b>	<b>Le textos en voz baixa e en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía e á expresividade lectora.</b>

<b>Comprender informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.</b>	<b>Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.</b>
<b>Aplicar os seus coñecementos na mellora do uso da lingua.</b>	<b>Recoñece nos textos traballados as oracións e as palabras e utiliza eses conceptos lingüísticos para resolver actividades.</b>
<b>Recoñecer a relación entre son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</b>	<b>Resolve actividades que implican a comprensión da relación entre son e grafía.</b>
<b>Recrear e reescribir diversos textos literarios usando modelos.</b>	<b>Recrea e reescribe contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas, xogos de sorte etc</b>
<b>Elaborar textos con coherencia xeral e de xeito creativo.</b>	<b>Usa nos seus escritos o punto, a coma, os dous puntos, os puntos suspensivos, signos de exclamación e de interrogación.</b>
<b>Recrear e reescribir textos literarios usando modelos da literatura galega.</b>	<b>Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</b>
<b>Ecoñecer a relación entre son e grafía , así como as palabras como instrumentopara a segmentación da escritura.</b>	<b>Recoñece a relación entre os sons e as grafías con que se representan.</b>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Observación continua e individual, baseada nos traballos realizados polo alumnado na casa e o traballo levado a cabo ao longo de todo o curso. Cualitativa, é dicir, centrada no proceso de aprendizaxe e non só no resultado.
	Instrumentos: Análise das producións do alumnado (resumos, textos escritos, traballos de aplicación e síntese), resolución de exercicios, observación de acertos e erros nas actividades propostas. Capacidade de autoavaliación. Grao de utilización da páxina web. Observacións dos pais.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Utilizo a primeira e segunda avaliación como avaliación diagnóstica, é dicir, previa á terceira que terá que adaptarse ou axustarse ás condicións pedagóxicas en servizo da aprendizaxe do alumnado . Se o terceiro trimestre é un repaso dos outros dous, calcularei a nota media das dúas primeiras avaliacións para obter a cualificación final, tendo en conta a adquisición e progreso en certas habilidades.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Escribir, seguindo o modelo, unha invitación de aniversario.  Escribir e memorizar o abecedario galego e comparalo co español.  Lectura dun poema.  Interpretar e comprender a información procedente dun mapa..  Clasificar palabras segundo o número de sílabas.  Normas de uso das grafías que representan sons :g,gu, gü,c,z,s,x,ñ,ll,r,rr  Instrucións  Analizar unha nova (titulares, pé de foto...)  Completar versos.  Escoller o título para un poema.  Buscar sinónimos nun texto.  Ler un poema con onomatopeias.  Escribir preguntas e respostas.  Escritura dun anuncio que se complementa cunha imaxe.  Describir unha mascota e debuxala.  Compoñer un poema breve completando palabras con pistas.  Substantivos masculinos e femininos, singulares e plurais.  Mb,mp</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Empregaranse materiais, recursos e actividades accesibles.  Partisase dos coñecementos previos do alumnado.  Se favorecerá o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.  Hai que motivar ao alumnado cara á curiosidade nos temas a traballar usando as aplicacións web , visualizando vídeos,etc.  Se procurará facer proxectos que impliquen ás familias.  Os temas que xurdan responderán aos intereses dos nenos e nenas.  Conexión dos novos coñecementos cos anteriores.  Actividades de observación, asociación e expresión.</p>

<b>Materiais e recursos</b>	Recursos fotocopiáveis. Libros do alumno e cadeniños complementarios. Vídeos de contos, cancións e poemas. Direccións de Internet. Materiais e obxectos presentes nos fogares.
-----------------------------	--

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao



<b>familias</b>	alumnado. Páxina web do colexio. Dirección de e-mail.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.